

A Pobra redimensiona a conciliación no Nadal con tres servizos clave

As familias dispoñen dos espazos Madruga e Coidados Corresponsables, e dun campamento

SUSO SOUTO
A Pobra

Na súa firme aposta por favorecer a conciliación, a concellería de Igualdade da Pobra do Caramiñal, que dirixe Charo Varela, oferta durante este Nadal tres importantes servizos para as familias.

Por unha banda, as crianzas de Infantil e Primaria poderán participar nun campamento, entre os días 23 de decembro e 5 de xaneiro, en horario de 09.00 a 14.00 horas, nas instalacións do CEP Salustiano Rey Eiras.

O prezo total é de 30 euros por nena/meno, pero aplicárase un desconto do 50 % á segunda irmá ou irmán e será de balde para o/a terceiro/a.

Disponse, ademais, do Servizo de Madruga, cuxo custo

será de 10 € pola entrada da cativa/cativo a partir das 08.00 horas e de 15 € dende as 07.30 horas. Habrá tamén servizo de comedor.

Así mesmo, segue en funcionamento o Espazo de Coidados Corresponsables, que achega a opción de conciliar polas tardes. Trátase dun servizo municipal de balde e aberto a toda as familias da Pobra do Caramiñal que o requiran ao abeiro do Plan Corresponsables promovido polo Ministerio da Igualdade.

As persoas interesadas en obter máis información poden chamar ó número de teléfono 981 832 764.

E antes da súa xira polos fogares de todo o mundo para deixar agasallos cos cales esperar no propio día do Nadal, Papá Noel visitou A Pobra do

Caramiñal para coñecer ás crianzas do CEP Salustiano Rey Eiras, do CEP Pilar Maestú Sierra, da EEI Fernández Varela, do Monte Carmelo e das unitarias do Vilaríño, A Granxa e A Angustia.

Preto de medio milleiro de escolares dos referidos centros educativos da Educación Infantil e Primaria achegáronse ata o Teatro Elma ata o pasado mércores 21 de decembro, en distintas quenadas, para lle trasladaren en persoa todo aquilo que plasmaron nas súas cartas.

Houbo tamén unha sesión de contacontos e os cativos e cativas sacáronse unha foto conxunta por cada un dos grupos que se lles entregará como agasallo aos centros escolares para o recordo.

delegribeira@elcorreogallego.es



IGUALDADE. Charo Varela, edil de Igualdade da Pobra, co cartel do campamento. Foto: C.P.



Les desea Feliz Navidad y Próspero 2.023



SOSTENIBILIDAD – ELABORACIÓN ARTESANAL – COMPROMISO CON EL ENTORNO

Pol. Ind. A Tomada, Avenida A Tomada s/n
15940 Pobra do Caramiñal, A Coruña – España
Tel. +34 981 833 000 – Fax +34 981 833 056

www.actemsa.com
actemsa@actemsa.com

Por un 2020 sumando kilometros juntos
Felices Fiestas

Grupo Outeiral

Autos R. Outeiral
BOIRO. ACORUÑA
Tel. 981 844 085
info@autosramonouteiral.com

F. Senin s.l.u.
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 981 587 526
senin@autocaresfsenin.es

www.autosramonouteiral.com

Combustibles Puebla, S.L.

**AUTOMOCIÓN
INDUSTRIAS
EMBARCACIONES
COMUNIDADES
CALEFACCIONES**

DISTRIBUCIÓN
DE GASÓLEOS
a domicilio

Pol. Ind. A Tomada parc. 1
Pobra do Caramiñal
T. 981 832 076
F. 981 830 234 • M. 610 744 432

Boiro celebrará estas datas ao redor dunha carpa solidaria chea de música

A programación de Nadal inclúe varios concertos, entre eles un dedicado ó cine, e unha gala de circo

F. R. GARABATO
Boiro

O Concello de Boiro celebra este Nadal cunha ampla e variada programación para público de todas as idades, pero, sobre todo, en clave solidaria. Moitas das actividades deseñadas terán como escenario unha gran carpa que abrirá as súas portas este venres 23 na Praza de Galicia e que acollerá varios espectáculos con fins benéficos. Nesta carpa recolleranse durante todo o día alimentos que irán destinados á agrupación boirense de Cáritas.

O venres 23, ás 11.00 horas, terá lugar a actuación de ballet de Cen Pliés; ó mediodía, o espectáculo *O apalpador e monifates*; ás 13.00, a actuación da Escola de Música de Boiro; ás 14.00, a sesión musical co DJ Matrek; ás 16.00 h.,



PRESENTACIÓN. A concelleira de Cultura de Boiro, María Outeiral, na presentación da programación de Nadal. Foto: C.B.

un serán solidario; ás 18.30, unha chocolatada organizada polo grupo Turbina; ás 19.00, a actuación da Banda de Música Municipal de Boiro; ás 20.00, unha sesión musical a cargo de Bruno DJ; e ás

21.00 horas unha actuación do grupo local The Cuncas.

A partir do luns 26 haberá na carpa espectáculos infantís e para a mocidade, incluíndo varios concertos. Así, o luns celebrarase ás 17.00 ho-

ras unha sesión de micro aberto. O martes 27, ás seis e media da tarde, será o turno do espectáculo infantil *Mamá Cabra*. Para o mércores 28 á mesma hora está programada unha gala navideña de cir-

co a cargo de Pista Catro, que se repetirá o xoves 29 (ese día ás oito da tarde poderase disfrutar tamén da actividade Cine Club Coral, consistente nun concerto de bandas sonoras de coñecidas películas).

O venres 30, a compañía Pista Catro voltará ás 18.30 horas coa gala de circo navideña, e ás dez da noite, será o concerto de Sabela King e The Heartbreakers.

Xa en xaneiro, o luns 2 ás 18.30 Raquel Queizás presentará o espectáculo *Historias da maleta*; o martes 3, á mesma hora, terá lugar o titulado *Fartura de Nadal*, de Vero Rilo; e o mércores día 4 chegará o *Tranvía do Nadal*.

A programación de Nadal do Concello concluirá o día cinco coa Cabalgata de Reis.

Por outra banda, Boiro organizou para este Nadal un campamento de conciliación. Vaise desenvolver os días 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro, de 08.00 a 14.00 ou de 09.00 a 14.00 horas, na casa da cultura. O prezo é de 50 euros por cada neno, habendo descontos para familias con dous ou máis nenos que participen no campamento e para persoas en exclusión social. A proposta está destinada a rapaces e rapazas de entre 3 e 12 anos e empadroados en Boiro.

O obxectivo deste obradoiro é ofrecer unha proposta de conciliación á vez que se propón unha alternativa lúdica e educativa durante o período das vacacións de Nadal con actividades, saídas culturais, teatro, xogos, etcétera.

CONGALSA

Ganadores V Concurso de Postales Navideñas

FELICES FIESTAS

HAPPY HOLIDAYS - JOYEUX NOËL

NAUTICA - EFECTOS NAVALES

A Poutada

NAUTICA Y EMBARCACIONES DEPORTIVAS / DEPORTES
PASEO DAS CAROLINAS 10 - RIBEIRA • TEL.: 981.83.56.62

TALLER EMBARCACIONES
PUERTO COMERCIAL S/N - PUEBLA. TEL.: 981.83.12.11

WWW.APOUTADA.COM

PLANIFICACIÓN DE PROYECTOS

Nuestra oficina técnica realiza y dirige la gestión de planos y proyectos, las ofertas económicas, dirección de obra, revisión final de trabajos y confección de planos finales.

**FONTANERÍA | TÉRMICAS | ELECTRICIDAD | GAS (CATEGORÍA A)
INSTALACIONES INDUSTRIALES | CONTRA-INCENDIOS**

Les desea felices fiestas

www.instalacionesherfer.es

Pol. Ind. de Espiñeira, P14 • Boiro - A Coruña
| T. 981 849 971 | comercial@instalacionesherfer.es

**INSTALACIONES
HERFER**

O CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL
 DESÉXALLES UNHAS

felices festas



CAMPAÑA RAÑA E GAÑA | COMERCIO LOCAL DA VILA
 ATA O 5 DE XANEIRO



MERCADO DO NADAL | PRAZA DO CANTÓN DA LEÑA
 21/22/23/24*/28/29/30/31* DE DECEMBRO E 2/3/4 DE XANEIRO
 MAÑÁS: 11:00 h - 14:00 h / TARDES: 17:00 h - 20:30 h
 *24 E 31 DE DECEMBRO SÓ POLA MAÑÁ



ESPAZO DE COIDADOS DIVERTIDOS | TOLDO DA PRAZA ALCALDE SEGUNDO DURÁN
OBRADOIROS CON MONITORADO ESPECIALIZADO, PINTACARAS E INCHABLES * NECESARIA INSCRIPCIÓN PREVIA
 DE LUNS A XOVES · HORARIO: 17:00 h - 21:00 h
 *O 2 DE XANEIRO, OS PAXES REAIS RECOLLERÁN AS CARTAS DAS NENAS E NENOS



NADAL MÓBIL | PRAZA DO CANTÓN DA LEÑA
OBRADOIRO DE NADAL CON MONITORADO ESPECIALIZADO E PINTACARAS
 23 E 30 DE DECEMBRO · A PARTIR DAS 18:00 H



CONCERTO DE HUMAN | TOLDO DA PRAZA ALCALDE SEGUNDO DURÁN
 23 DE DECEMBRO · 21:00 h



ZARZUELA | TEATRO CINE ELMA
ESPERANZA MARA (SOPRANO) E GABRIEL ALONSO (BARÍTONO)
 30 DE DECEMBRO
 APERTURA PORTAS : 20:15 h / PASE ÚNICO: 21:00 h
 ENTRADA: 1 KG DE ALIMENTOS NON PERECEDOIROS
 RESERVA ENTRADAS: [✉ concertosateneomusicaldapobra@gmail.com](mailto:concertosateneomusicaldapobra@gmail.com) ou [☎ 678 895 933](tel:678895933)



FESTA DO ANINOVO | TOLDO DA PRAZA ALCALDE SEGUNDO DURÁN
GRUPO FUSIÓN E CABINA CHOCOLATE
 MADRUGADA DO 1 DE XANEIRO
 HORARIO: A PARTIR DAS 00:30 h



CABALGATA DE REIS | RÚAS DA VILA
 5 DE XANEIRO



VIVE, APRENDE E GOZA DO NOSO 2023 | TOLDO DA PRAZA ALCALDE SEGUNDO DURÁN
VI EDICIÓN. XORNADAS DEDICADAS A POÑER EN VALOR A CULTURA TRADICIONAL
 7 DE XANEIRO · ÁS 20:00 h. FOLIADA, OBRADOIRO DE BAILE E CONCERTO: **OS TRES TRISTES TIGRES E OS LIANTES**
 8 DE XANEIRO · ÁS 11:00 h. VERMÚ GHAITEIRO **CON GRUPOS DA CONTORNA**
 POLA TARDE: OBRADOIROS DE BAILE IMPARTIDO POR **LUIS PEGO**
 E OBRADOIRO DE TRAXE TRADICIONAL IMPARTIDO POR **O SARILLO**



Ribeira levará polas parroquias inchables, obradoiros e música co seu programa Nadal Pelegrín



PRESENTACIÓN. A concelleira de Cultura de Ribeira, María Sampredo, na presentación do programa de Nadal. Foto: C.R.

FRANCISCO R. G.
Ribeira

O Concello de Ribeira volve abrir este Nadal as portas do Espazo Municipal de Usos Múltiples con diferentes actividades baixo o título Nreda no Nadal. Alí, os días 23, 24, 29, 30 e 31 de decembro,

e 4 e 7 de xaneiro haberá de xeito gratuito inchables, obradoiros de globoflexia, mascotas animadas, animación musical e uvas de gominola o sábado 31 para para festexar o fin de ano infantil, e unha festa de Reis o día 7.

Haberá un espazo Concilia no que as familias poderán

deixar aos nenos e nenas mentres realizan as compras.

Así mesmo, volverá funcionar o Recuncho de Nadal na Praza de Porta do Sol. A casiña de madeira abrirá as súas portas ao Apalpador, ao Pai Noel e ao Carteiro Real dende este venres 23 para que os máis pequenos poidan

deixarlle as súas cartas. Ademais, recibirán rifas de balde para o sorteo dos tres agasallos que sortearán os Reis Magos o día da Cabalgata dende o balcón da casa consistorial.

Os sábados 24 e 31, o Nadal tamén sairá á rúa se o tempo o permite, e ó longo da xornada os cativos desfrutarán de

parques de inchables na rúa Galicia, do tren Expreso de Oriente percorrendo a cidade e de ruadas musicais ca charanga Fanfarria Furruxa.

Neses días as rúas encheranse de música. O sábado 24, ca sesión vermú do grupo local Rockolas; o venres 30 ás nove e media co grupo Blow; e o 7 de xaneiro con outra sesión vermú de Sabelasnotas.

O Concello deseñou un extenso programa no que teñen un protagonismo especial as actuacións musicais en todas as parroquias, e que rematarán con chocolatadas de balde. A charanga Os Celtas da Baña actuará este xoves 22 en Castiñeiras. O venres 23 en Ribeira será o concerto da coral municipal na igrexa parroquial. O domingo 25 celebrarase en Corrubedo un concerto dos Liantes. O mércores 28 chegará a música da Misela de Noia a Palmeira. O xoves 29 tocarán Os Celtas da Baña en Oleiros. O venres 30 actuará A Misela de Noia na igrexa de Aguiño. E o día 8 a Rondalla Moraima actúa no Centro Recreativo de Artes.

Tamén haberá programación infantil en todas as parroquias co Nadal Pelegrín, polas tardes. Comezará o día 26 en Palmeira e rematará o 4 de xaneiro en Aguiño. Haberá inchables, Carteiro Real, obradoiros e música.

Os cativos van recibir rifas para os sorteos de agasallos que farán os Reis Magos de Oriente

En Rianxo organizaron varios espectáculos de maxia, monicreques, circo, clown e música

Tamén haberá actividades infantís en todas as parroquias co programa Nadal Pelegrín, polas tardes, dende o luns 26, que comezará en Palmeira, ata o 4 de xaneiro, que rematará en Aguiño. No Nadal Pelegrín haberá inchables, visita do Carteiro Real, obradoiros, música e un espectáculo sorpresa. Os nenos e nenas recibirán unha rifa para participar no sorteo dos agasallos que farán os Reis Magos o día da cabalgata.

En Rianxo desenvolverase do 26 ó 30 na Carpa de Nadal o Nadal Concilia. De 16.30 a 19.00, todos días, haberá obradoiros. E ás 19.00 realizaranse as seguintes actuacións para toda a familia: o luns 26, maxia, co Mago Paco; o martes 27, monicreques, con Títeres Cachirulo; o mércores 28, música, con Paco Nogueiras; o xoves 29, circo e clown, con Asacocirco; e o venres 30, música, con Saraghallada.



CONCELLO DE
BOIRO

PROGRAMACIÓN NADAL 2022

PROGRAMACIÓN CULTURAL

Nadal 2022

Concertos, actividades infantís, O Apalpador, teatro, festivais de Nadal...

www.boiro.gal

▶ **Sábado 10 de decembro**

- 12.00 horas – obradoiro infantil (Biblioteca Municipal de Boiro)
- 12.30 horas – Gala dos Premios Barbantia da Cultura (Pazo de Goiáns)
- 20.30 horas – “G-Alsa” de Teatro do Improvisto (Casa da Cultura de Boiro)
- 17.00 horas – “Papá Noel solidario” en beneficio da Fundación Andrea (pavillón da Cachada)
- 18.00 horas – festival de Nadal de Abeloura (Centro Social de Cespón)

▶ **Venres 16 de decembro**

- 17.30 horas – “O chimpó de ra” de Raquel Queizás (Centro Social de Cabo)
- 20.00 horas – “A casa das cancións”, teatro musical (Casa da Cultura de Boiro)

▶ **Sábado 17 de decembro**

- 18.30 horas – festival de Nadal Xilbarbeira (Casa da Cultura de Boiro)
- 20.30 horas – ciclo de cine Mestre Mateo (Centro Social de Boiro)

▶ **Domingo 18 de decembro**

- 17.30 horas – festival da Asociación de Veciños de Abanqueiro (Centro Social de Abanqueiro)
- 18.00 horas – festival Cen Pliés (Casa da Cultura de Boiro)

▶ **Xoves 22 de decembro**

- 19.30 horas – festival de Nadal da Escola de Música de Boiro (Carpa Solidaria)

▶ **Venres 23 de decembro**

- concerto solidario Cáritas (Carpa Solidaria)
- 11.00h - actuación ballet Cen Pliés
- 12.00h - O apalpador e Monifates
- 13.00h - actuación EMB
- 14.00h - DJ Matrek
- 16.00h - serán solidario (Pedra da Aroña).

▶ **Xilbarbeira, Abeloura, Bailes de Abanqueiro)**

- 18.30h - chocolatada grupo Turbina
- 19.00h - actuación BMB
- 20.00h - Bruno DJ
- 21.00h - The Cuncas

▶ **Luns 26 de decembro**

- 17.00 horas – micro aberto (Carpa Solidaria)

▶ **Martes 27 de decembro**

- 18.30 horas – espectáculo infantil “Mamá Cabra” (Carpa Solidaria)

▶ **Mércores 28 de decembro**

- 18.30 horas – gala de circo navideña, PistaCatro (Carpa Solidaria)

▶ **Xoves 29 de decembro**

- 18.30 horas – gala de circo navideña, PistaCatro (Carpa Solidaria)
- 20.00 horas – Cine Club Coral, concerto de bandas sonoras de películas (Carpa Solidaria)

▶ **Venres 30 de decembro**

- 17.00h – festival de Nadal Pedra da Aroña (Pavillón da Cachada)
- 18.30 horas – gala de circo navideña, PistaCatro (Carpa Solidaria)
- 22.00 horas – concerto de Sabela King e The Heartbreakers (Carpa Solidaria)

▶ **Luns 2 de xaneiro**

- 18.30 horas – “Historias da maestra” de Raquel Queizás (Carpa Solidaria)

▶ **Martes 3 de xaneiro**

- 18.30 horas – “Fartura de Nadal” de Vero Rilo (Carpa Solidaria)

▶ **Mércores 4 de xaneiro**

- 18.30 horas – “Tranvía do Nadal” (Carpa Solidaria)

*a programación está suxeita a cambios ou anulacións.

As luces e a decoración converteron Noia nunha auténtica postal de Nadal

Vistosos elementos inundan a vila // As actividades animan as rúas e tamén incentivan as compras cun sorteo de 3.000€

MARÍA CANO
Noia

O Concello de Noia contribuíu a converter o casco antigo do municipio nun auténtico conto de Nadal. Luminarias e espectaculares e vistosos elementos decorativos son a atracción de veciños e visitantes durante as festas.

Parte do embelecemento das rúas é merito dos usuarios e usuarias da asociación Misela. Profesionais e persoas usuarias do centro ocupacional e do centro de día da entidade, recolleron residuos plásticos e déronlle un novo uso aos mesmos, creando varios paneis decorativos que locen nas rúas da vila durante estas datas tan especiais. Unha colaboración coa que a

administración continúa apoiando o labor social desta asociación local.

Outro dos grandes atractivos do Nadal noiés é o tradicional Belén animado de 40 metros cadrados que está ubicado na igrexa de Santa María a Nova. As persoas interesadas xa poden visitar o nacemento de luns a sábado en horario de 10.30 a 13.30 horas e de 16.00 a 20.00 h e os domingos en horario de mañá, de 11.00 a 14.00 horas.

Ademais, O Concello e a asociación Noia Histórica aliáronse para preparar un amplo programa de actividades e iniciativas no marco da campaña de Nadal Noia, preto de ti, centrada na decoración e animación de rúas.

A maiores, haberá un sor-



Vistosos elementos decorativos para fotografiarse no casco histórico la vila noiesa. Foto: C.

teio de 3.000 euros (quinze vales de 200 euros) en vales de compra para incentivar as vendas e o comercio local da vila e no que, segundo indicaron dende a patronal, bateuse un récord de participación con 60 comercios adheridos.

Segundo informaron dende a patronal noiesa, tamén

haberá diferentes actividades para todos os públicos, como un concurso de escaparates con 28 participantes; música nas rúas do casco histórico a través da megafonía; tren infantil o día 23 e 24 de decembro; un trineo photocall na praza do Curro; visita de Papá Noel o día de Noiteboa e, co-

mo novidade este ano, o 4 de xaneiro poderá verse o conto teatralizado *O reino de Noia* polas rúas da vila, que correrá a cargo do artista noiés Serafín Marcos.

Polo que respecta á conciliación, a concellería de Deportes Xuventude porá en marcha unha nova edición do

campamento de Nadal, que ten como obxectivo prioritario permitir ás familias do municipio conciliar a vida laboral, persoal e familiar durante as vacacións.

O campamento desenvolverase do 23 de decembro ata o 4 de xaneiro e vai dirixido á rapazada de 3 a 12 anos. As actividades levaranse a cabo en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 h e, outro ano máis, ofrecerá o servizo de madrugadores, de 7.30 a 10.00 h, e tamén o servizo de recollida tardía ata ás 15.00 horas, que permite aos nenos e nenas estar unha hora máis.

Paralelamente, a concellería de Cultura organizou un programa un amplo e variado de actividades para estas festas. Para os días 23 e 26 de decembro fixaron o ballet familiar *Cascanueces*, inspirado na obra de Hoffman, da escola de danza Oitos. Será no Teatro Coliseo Noela ás 18.30 horas e os cartos que se recaden coas entradas (a un custo de 3 euros) serán doados a Cruz Vermella e Cáritas Noia para axudas aos máis necesitados do municipio.

Xa os días 27, 28 e 29 haberá un obradoiro musical con Narcí Rodríguez. Inscripcións en programacionconcellode-noia@gmail.com. Máis información no Facebook Cultura, Concello de Noia.

Desexámoslles Felices Festas

CONFRARÍA DE PESCADORES «SAN BARTOLOMÉ»

www.cofradianoia.es
www.berberechodenoia.com

FESTIVAL REIS MAGOS
POLIDEPORTIVO DA SILVA
SÁBADO 7 DE XANEIRO
DE 17:00 ÁS 20:00 h.
RESERVA TICKET: WWW.BANDOTICKET.COM

RECEPCIÓN REIS MAGOS
CASA DA CULTURA
XOVES 5 DE XANEIRO
DE 10:30 ÁS 14:00 h.
RESERVA TICKET: WWW.BANDOTICKET.COM

Concello de LOUSAME
www.concellodelousame.com

O Nadal encheu Muros de variadas actividades

Tamén Lousame programou accións dirixidas aos máis cativos // Non faltará a visita dos Reis

MARTA TORRES
Muros-Lousame

O Concello de Muros preparou para este Nadal un amplo programa de actividades con obradoiros, música e espectáculos, na que os máis pequenos do municipio son os grandes protagonistas. As iniciativas deron comezo o 30 de novembro e prolongáronse ata o 5 de xaneiro.

Para este xoves fixaron o concerto de Nadal da ESMU, que terá lugar na casa da cultura ás 18.00 horas. Ao día seguinte haberá unha xornada deportiva, con diferentes par-

tidos de fútbol ao longo do día. O obxectivo non é outro que promover a solidariedade entre a poboación murada a favor de Cáritas.

Xa a próxima semana, terá lugar o contacontos A verdadeira historia de Hamelín, de Moc Moc; celebrarase un torneo de Fífa dirixido á rapaza de máis de 13 anos; un taller de maquillaxe e abalorios de Lixo Atelier e outro de estampación de camisetas e de beatbox da Vella Escola; e rematarán o ano correndo a San Silvestre Muradana o 31.

O 2023 arrancará en Muros con novos espectáculos.

O día 5 de xaneiro, ás 17.00 horas, Cabalgata de Reis (saída dende Laxeiras).

No Concello lousamián tamén prepararon actividades especiais para os máis cativos con motivo do Nadal. O programa Leisure Activities in English terá lugar os días 2, 3, 4 e 5 de xaneiro, en horario de 10.30 a 13.30 h, na casa da cultura de Lousame. Dirixido a nenos e nenas maiores de 5 anos, inclúe actividades de pintura, karaoke, música, xogos, cinema, teatro, creatividade, conversas... todo en inglés. Trátase da segunda edición deste



Un neno tras entregar a súa carta a Baltasar en Lousame en xaneiro de 2021. Foto: C. Lousame

programa, despois do éxito acadado polas propias Ezgi Alkaya e Ülkü Kosdas durante este verán, nas que participaron medio cento de rapazas e rapaces da vila.

O 5 de xaneiro terá lugar a recepción dos Reis Magos, de 10.30 a 14.00 horas, ta-

mén na casa da cultura. Recollerán as cartas e escoitarán as peticións dos nenos e nenas que o desexen. Reservas gratuítas en www.bandoticket.com.

Xa pola tarde, a partir das 17.00 horas, no Polideportivo Municipal Pilar Barreiro

Senra (A Silva), celebrarase o Festival dos Reis Magos. Nesta festa infantil haberá xogos, inchables e obradoiros, así como chocolate con churros para todas as persoas que asistan. Para asistir, reservas gratuítas en www.bandoticket.com.

Les deseamos Feliz Navidad y Próspero Año

LABORAL | FISCAL | CONTABLE
ECONÓMICO | FINANCIERO | AUDITORÍA
SUBVENCIONES Y AYUDAS OFICIALES

www.igsaasesores.com

EN NOIA. C. Perito Basilio, 2-1º C • T. 981 842 130 - F. 981 824 676
EN RIBEIRA. Campo de Marte, nº 3 - 1º - T. 981 835 621 - F. 981 874 262

IMPRESIÓN
COLOCACIÓN
ROTULACIÓN
LUMINOSOS

T. 981 821 565
rotulosageitos@gmail.com
Departamento comercial: 636 9697 81

Autos Patiño Noia, S.L.
www.autospatino.es

Pol. Industrial Augalevada.
Parcela. 10
Noia (A Coruña)
T. 981 824 865 F. 981 825 595
M. 629 212 851
609 806 604
gerencia@autospatino.volkswagen.es

COMIDAS PARA LLEVAR
ESPECIALIDAD *Bacalao a la portuguesa*
MENÚ DEL DÍA
Tapas de pulpo y otras

C/ Romero Blanco
Tfno. 981 823 212 • 15200 Noia

Rúa Castelao, 49 - 51 - NOIA • T. 981 822 504
www.mueblesolmedo.com

Mobel Grupo

FÁBRICA DE MUEBLES DE COCINA Y BAÑO
SECCIÓN DE HOGAR Y DESCANSO

CONCELLO DE **MUROS**
www.muros.es

PROGRAMA

22 sábado 18.00 h Casa da Cultura "Concerto de Nadal da ESMU"	23 domingo 11.00 h Cuadrangular de biberóns. 18.00 h D. de Honor. Celta - s.d. Compostela E.D. Os Miúdos	27 miércoles 18.00 h Casa da Cultura "A verdadeira historia de Hamelín" de Moc Moc	28 miércoles Sala Nasma "Torneo FIFA" a partir de 13 anos Inscripción previa.	29 xoves 17.00 h Mercado "Taller de maquillaxe e abalorios de Lixo Atelier" a partir de 13 anos. Inscrición previa	30 xoves 17.00 h Mercado "Taller de estampación de camisetas e de beatbox" da Vella Escola a partir de 13 anos. Inscrición previa
31 sábado A partir das 11.00 h "San Silvestre Muradana" Serres Runners Noite Cotillón A.C. Castelo Rock	2 domingo 18.00 h Mercado Actuación "Os Apalpadoriños"	3 martes 18.00 h Mercado "Os Trasnos de Nadal" Tarde Esteiro Recepción carteiro Real Asociación Aarocovo	4 miércoles 17.30 h Mercado "Visita guiada con Moito C@nto"	5 xoves A partir das 17.00 h "Cabalgata de Reis" Saída dende Laxeiras A.C. Fouleada	



MALPICA. Unha mostra de artesanía e cantos de Nadal animaron a vila malpicana na pasada fin de semana. Foto: C. Malpica

Contos, obradoiros e moita solidariedade en Malpica

O día de Noiteboa as crianzas serán recibidas por Papá Noel // Habrá campamentos para conciliar na casa de cultura de Seaia

JOSÉ M. RAMOS
Malpica de Bergantiños

O Nadal en Malpica achégase ás datas centrais e nenos e maiores poderán desfrutar dun amplo abano de actividades lúdico-culturais organizadas polo Concello.

Este xoves, día 22, haberá sesións de contacto con O axudante de Papá Noel, a cargo de Moc Moc. A cita é no mercado municipal ás 17.00 horas. E mañá, día 23, impartiranse obradoiros de adornos no Centro Cívico, de 10.00 a 12.00 para nenos de 8 a 12 anos, e de 12.00 a 14.00 horas para os pequenos de 4 a 7 anos. Pola tarde, no mercado municipal a A. C. Malante formará aos adultos, de 17.00 a 19.00 horas. A xornada pecharase cos partidos solidarios e a recollida de xoguets organizada pola UD Cerqueda, no campo de fútbol de Xaviña durante a tarde.

En Noiteboa, celebrarase o Día da Convivencia, de 10.30 a 13.30 no Centro Sociocultural das Pozas, promovido pola A. C. Raigañas. Ademais, Papá Noel recibirá ás crianzas na Fonte de Anselmo Amigo, a partir das 17.30 horas. E para o día 26, a ANPA Xaviña ten programada unha gran festa infantil con inchables no pavillón de Buño, de 17.00 a 20.00 horas.

Para axudar á conciliación familiar e laboral, os días 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro e o 2, 3, 4 e 5 de xaneiro, haberá campamentos de Nadal organizados pola A. C. D. Carcaxia na casa da cultura de Seaia para nenos e nenas a partir de 4 anos. As prazas son limitadas.

Ata fin de ano tamén se celebrarán talleres de origami (días 26 e 28), robótica e tecnoloxía (día 27) e de barro (día 28). Asemade, impartirase un clinic de volei no pavillón municipal (27 e 29) e disputarase un torneo de tenis de mesa (30), e a V San Silvestre Malpicana (31).

Haberá tamén unha sesión de contactos especiais de Nadal en Buño (día 29) e baile de fin de ano no auditorio do Centro Cívico amenizado polo Trío Roset (día 31, a partir das 23.45 horas).

Coa chegada do ano novo, en Malpica poderase desfrutar dun obradoiro coas redeiras en Buño e na capital municipal, unha exposición fotográfica do I Certame Rimarques do 2 ao 15 de xaneiro, e un torneo de fútbol 3x3. O día 5 de xaneiro os Reis Magos achegaranse a Buño (17.30 h no Teleclub), Malpica (19.00 h) e Leioio (18.30 horas), e o día 6 pasarán por Cambre, Cerqueda, Santiso, Mens, Barizo, Beo, e Seaia.

PROGRAMACIÓN CULTURAL NADAL 2022

Venres 23

MAGO ANTÓN: mil maxias máis

Sábado 24. Noiteboa

PAPÁ NOËL EN CEE

(por todas as parroquias de Cee). Pola tarde, na Praza 8 de marzo (Pavillón Polideportivo en caso de choiva),

de 16.30 a 19.30 horas:

Recepción de Papá Noël nunha tarde festiva con inchables, música, globoflexia e neve.

Do luns 26 ó venres 30

Salón de actos do Concello, 16.30 a 19.30

horas Obradoiros de nadal **Artelúdico con pintacaras ou tatuaxes, xogos e outras sorpresas (Inscripción: na Biblioteca Pública Municipal "Francisco Mayán")**

Venres 30.

Auditorio: 20.30 horas Concerto Fin de Ano coa Banda de Música de Cee

Sábado 31 e Domingo 1. Noite de Fin de Ano

Despide o 2022 e recibe o 2023 na Rúa Lino Rodríguez Madero.

A partir das 23.30 transmisión das tradicionais badaladas, a cargo de

Melany **DISCO MÓVIL MEGA CDC.**

XANEIRO

Martes 3 e mércores 4 Festa de animación infantil e paxe real

Praza 8 de marzo (Pavillón Polideportivo en caso de choiva) De 16.30 a 19.30 horas

Xoves 5

VISITA DAS SS.MM. REIS MAGOS

17.00 horas terá lugar á recepción real no Museo

19.00 horas aproximadamente, os fogos de artifício anunciarán o comenzo da tradicional Cabalgata,



CONCELLO DE
CEE
www.cee.gal



Concello de
Corcubión
www.corcubion.gal

- 23 . SUPERCOPA DE BARES FUTSAL 20:H. pavillón municipal
- 26-30 XORNADAS DE PORTAS ABERTAS deportes de pista previa reserva
- 27, 28, 29 e 30 COÑECE O NOSO PATRIMONIO. Xogos de interior e exterior (4 a 7 anos) (8 a 12 anos) na casa da cultura de 10:30h 13:30h

AXENDA DE NADAL

- 30 LO CONTARAN LAS OLAS - NURIA MATÍAS presentación libro salón plenos.
- 2 a 5 XANEIRO CICLO CINE INFANTIL 11H. na casa da cultura
- 3 MASTERCLASS DE PILATES. de 20:30 a 31:30 pavillón municipal aberta a público adulto
- 5 XANEIRO CABALGATA DE REIS " A MAXIA

- EXISTE" de 17:00h.. a 20:00h
- 7 XANEIRO FESTA INFANTIL FIN DE NADAL festa con hinchables a partir das 17h. pavillón municipal

FELICES FESTAS



Concello de Mazaricos

Alcalde e Corporación
deséxanlles felices festas

PROGRAMA

- Concerto de Nadal da Escola de Música Moderna Municipal: o 8 de decembro ás 17h na Casa de Cultura da Picota.
- Teatro "Top Manta": o día 11 de decembro ás 17h na Casa de Cultura da Picota.
- Nadal lúdico: para tódolos menos e nenas, do 23 de decembro ao 5 de xaneiro, de 9:00 a 14:30h no CEIP Victor Saen de San Cosme, no local social de Eirón e no antigo CEIP Pino de Val.
- Espectáculo de Circo "Crunch!": o 23 de decembro ás 17:00h no Recinto Feiral da Picota
- Hinchables no Nadal; o 29 de decembro

dende as 16:00h no Recinto Feiral da Picota, para tódolos menos e nenas. Coa visita especial do Apalpador!

- Carreira do leite: o 31 de decembro ás 11:00h. Inscripción son line ata o día 27. Recollida de dorsais o propio día 31 dende as 10:00h na Casa de Cultura. Ás 11:00 saída dos xatiños (nados entre 2018 e 2015), ás 11:15 saída dos becerros (nados entre 2014 e 2012), ás 11:30 saída de xovencas (nados entre 2011 e 2007) e ás 11:45 saída de vacas (persoas adultas).

- Brinde leiteiro: o 31 de decembro ás 12:00h (ao rematar a carreira do leite) na casa de cultura. Depois de facer a lectura correspondente dos nosos desexos para o

sector lácteo no vindeiro ano, todos brindaremos con leite, por un novo ano próspero para o sector.

- Concerto de aninovo: o día 1 ás 18h na Casa da Cultura de Mazaricos actuará a Coral polifónica de Urdilde. Ao rematar merendaremos chocolate con churros.
- Baile especial das Persoas Maiores: o día 1 de xaneiro ás 19:30h (ao rematar o concerto de aninovo) na Casa de Cultura co Dúo Élite.
- Tractorada de Reis: o día 5 de xaneiro, saída das súas Maxestades ás 17:00h do Recinto Feiral, percorrido pola Picota e regreso ao recinto, onde entregarán agasallos para tódolos nenos e nenas

Nenos, mozos e familias, protagonistas na Laracha

Papá Noel visitará o poboado ubicado na Praza do Concello // Os Reis acudirán a todas as parroquias

MANUEL RAMOS
A Laracha

Na Laracha, o Concello deseñou unha programación cos obxectivos de fomentar o espírito destas datas entre a veciñanza, ofrecer alternativas de ocio con especial atención ao público infantil, xuvenil e familiar para facilitar a conciliación, e tamén apoiar economicamente tanto ao comercio local como ás asociacións culturais e coros parroquiais por medio dos certames de escaparates e de panxoliñas.

A Praza do Concello foi decorada cun poboado que será protagonista dunha das actividades coa presenza de Papá Noel os días 22 e 23 de decembro entre as 17.00 e as 19.30 horas. Na vindeira semana impartirase un obradoiro infantil de cupcakes e galletas de Nadal que se realizará en tres quedas os días 27 (alumnos de infantil), 28 e 29 (alumnos de primaria) en horario de 11.00 a 13.00 horas na Casa da Cultura da Laracha.

Para o público xuvenil (maiores de 12 anos) van dirixidas as actividades de realidade virtual (martes 27 no baixo da biblioteca da Laracha de 17.00 a 20.00 horas) e a saída ao escape room Clue Hunter da Coruña (martes 3 de xaneiro, con saída da Praza do Concello ás 17.30 h e regreso ás 20.30 horas).

Como propostas dirixidas a todos os públicos, en especial ao infantil e familiar, inclúense diversas actividades, todas elas con entrada libre e gratuíta ata completar a capacidade máxima das salas. O día 26 de decembro terá lugar o espectáculo infantil-familiar: *O castiñeiro do Apalpador*, de Fantoques Baj, no centro sociocomunitario de Caión a partir das 17.30 horas.

O novo ano comezará cunha sesión de cine infantil, o 2 de xaneiro. Proxectarase *Valentina*, na Casa da Cultura da Laracha ás 17.30 horas. Unha das citas máis esperadas de cada Nadal é a chegada dos Reis Magos. A cabalgata pechará as festas e tamén o programa de actividades do Concello larachés. Do

O día 28 será a queda do espectáculo infantil-familiar: *Os fabulosos Cleaners*, de Malasombra Producións, na Casa da Cultura da Laracha ás 17.30 horas, e o 29 a cita será coa maxia de David Maestro: *A viaxe máxica*, no centro sociocultural de Paosaco, á mesma hora.

Para rematar o ano, o 30 de decembro haberá teatro infantil-familiar coa función *Fazulas e o ladrón de paraugas*, de Bandullo Azul, na Casa da Cultura da Laracha a partir do mediodía.

O público máis xuvenil poderá desfrutar de actividades de realidade virtual e 'escape room'

mesmo xeito que nos últimos anos, realizarase un percorrido por todas as parroquias do municipio o 4 e 5 de xaneiro. O día 5, trala cabalgata, Melchor, Gaspar e Baltasar chegarán ao pavillón do IES Agra de Leborís, onde os nenos e nenas están convidados a agardar polas Súas Maxestades desfrutando dunha gran festa infantil. Un amplo e variado programa para desfrutar deste período vacacional, que tivo como antesala diversas actividades que se desenvolveron nos colexios antes das vacacións. Preto de oitocentos alumnos dos CEIPs Otero Pedrayo, Alfredo Brañas e Caión participaron do espectáculo *Carabela*, da compañía Galeatro, unha historia de Paula Carballeira cuxa mensaxe é o coidado do medio ambiente. Asemade, organizáronse concursos de contos e postais, o Certame de Panxoliñas María Angeriz Tuset e un concurso de escaparates que repartirá 1.900 € en premios.



A LARACHA. Papá Noel xa visitou varios dos colexios do Concello larachés. Foto: C. Laracha

Teatro, cine infantil e maxia son algunhas das propostas para gozar das vacacións

O público máis xuvenil poderá desfrutar de actividades de realidade virtual e 'escape room'

mesmo xeito que nos últimos anos, realizarase un percorrido por todas as parroquias do municipio o 4 e 5 de xaneiro.

O día 5, trala cabalgata, Melchor, Gaspar e Baltasar chegarán ao pavillón do IES Agra de Leborís, onde os nenos e nenas están convidados a agardar polas Súas Maxestades desfrutando dunha gran festa infantil.

Un amplo e variado programa para desfrutar deste período vacacional, que tivo como antesala diversas actividades que se desenvolveron nos colexios antes das vacacións. Preto de oitocentos alumnos dos CEIPs Otero Pedrayo, Alfredo Brañas e Caión participaron do espectáculo *Carabela*, da compañía Galeatro, unha historia de Paula Carballeira cuxa mensaxe é o coidado do medio ambiente. Asemade, organizáronse concursos de contos e postais, o Certame de Panxoliñas María Angeriz Tuset e un concurso de escaparates que repartirá 1.900 € en premios.

mesmo xeito que nos últimos anos, realizarase un percorrido por todas as parroquias do municipio o 4 e 5 de xaneiro. O día 5, trala cabalgata, Melchor, Gaspar e Baltasar chegarán ao pavillón do IES Agra de Leborís, onde os nenos e nenas están convidados a agardar polas Súas Maxestades desfrutando dunha gran festa infantil.

Un amplo e variado programa para desfrutar deste período vacacional, que tivo como antesala diversas actividades que se desenvolveron nos colexios antes das vacacións. Preto de oitocentos alumnos dos CEIPs Otero Pedrayo, Alfredo Brañas e Caión participaron do espectáculo *Carabela*, da compañía Galeatro, unha historia de Paula Carballeira cuxa mensaxe é o coidado do medio ambiente. Asemade, organizáronse concursos de contos e postais, o Certame de Panxoliñas María Angeriz Tuset e un concurso de escaparates que repartirá 1.900 € en premios.

Nadal en Dumbria

Actividades todos os días!
As Casas Culturais abertas á rapazada para que traian as súas cartas a Papá Noel, o Apalpador, ou os Reis Magos, con obradoiros infantís de manualidades e doces de Nadal, maxia, música, teatro, contacontos... e visita dos Reis Magos.

Festa Infantil
Xogos, música, obradoiros, xantar, servizo de transporte polas parroquias... e a actuación de Talía Teatro - Voa, voa! (Rede Cultural da Deputación da Coruña)
Recorda apuntarte!!!

Feliz 2023

+info. Oficinas Municipais
981 744 001

Concello de Dumbria
www.dumbria.com

PROGRAMA NADAL 2022

22/23 DECEMBRO 17:00-19:30h	Papa Noel na praza do Concello	26 LUNS DECEMBRO 17:30h	ESPECTÁCULO INFANTIL-FAMILIAR "O Castiñeiro do Apalpador" Fantoques Baj CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE CAIÓN
27 MARTES DECEMBRO 17:00-20:00h	REALIDADE VIRTUAL XUVENTUDE A partir de 12 anos BAIXO DA BIBLIOTECA A LARACHA Inscripción gratuíta alaracha.gal ou Concello	27/28/29 DECEMBRO 11:00-13:00h	ORRADOIRO DE CUPCAKES E GALLETAS 27/12: Educación Infantil 28/12: Educación primaria 29/12: Educación primaria CASA DA CULTURA DA LARACHA Inscripción gratuíta alaracha.gal ou Concello
28 MÉRCORES DECEMBRO 17:30h	ESPECTÁCULO INFANTIL-FAMILIAR "Os fabulosos Cleaners" Malasombra Producións CASA DA CULTURA DA LARACHA	29 XOVES DECEMBRO 17:30h	ESPECTÁCULO MAXIA "A viaxe máxica" David Maestro CENTRO SOCIOCULTURAL DE PAOSACO
30 VENRES DECEMBRO 12:00h	TEATRO INFANTIL-FAMILIAR "Fazulas e o ladrón de paraugas" Bandullo azul CASA DA CULTURA DA LARACHA	30 VENRES DECEMBRO 19:30h	CONCURSO DE PANXOLIÑAS "María Angeriz Tuset" CASA DA CULTURA DA LARACHA
2 LUNS XANEIRO 17:30h	TARDE DE CINE INFANTIL "Valentina" CASA DA CULTURA DA LARACHA	3 MARTES XANEIRO 17:30-20:30h	SAÍDA AO ESCAPE ROOM XUVENTUDE A partir de 12 anos Clue Hunter A Coruña Saída Praza do Concello as 17:30h Inscripción gratuíta alaracha.gal ou Concello
4/5 XANEIRO	CABALGATA DOS REIS MAGOS "Percorrido polas parroquias do Concello"	*INSCRIPCIÓN OBRIGATORIA: Realidade virtual, Obradoiro de Cupcakes/galletas e saída ao Escape Room. Inscripción no Concello ou web alaracha.gal. Obrigatorio estar empadroados/as.	

Deputación DA CORUÑA XUNTA DE GALICIA Xacobeo 21-22

CONCELLO DA LARACHA

Nadal máxico, teatral e formativo en Dumbría

Haberá obradoiros de cociña e manualidades, música, teatro e contacontos // O día 28 O Conco terá festa

MANUEL LAVANDEIRA
Dumbría

Os máis pequenos serán os grandes protagonistas do Nadal en Dumbría. Xa dende o pasado día 12 de decembro os nenos e nenas do municipio tiveron a oportunidade de contactar con Papá Noel dende as aulas de informática. Ademais, as casas culturais das distintas parroquias teñen abertas as súas portas para que poidan entregar as súas cartas para Papá Noel, O Apalpador e tamén os Reis Magos de Oriente.

Este xoves, día 22, está previsto que den comenzo os obradoiros infantís programados polo Concello dumbriés. Farano en Bustelo e Buxantes, onde se impartirán clases de manualidades e cociña, respectivamente, de 17.00 a 20.00 horas nos dous casos.

Mañá, día 23, nas instalacións do Conco terá lugar o obradoiro de manualidades, de 16.00 a 20.00 horas, e en Berdeogas poderán disfrutar da maxia de Dani García, a partir das 18.30 horas.

Na vindeira semana, o luns 26, Buxantes e O Conco acollerán as clases de manualidades e cociña (de 16.00 a 20.00 horas) e o martes, día 27, será a quenda para os nenos e nenas de O Ézaro e Olveira, no mesmo horario.

As casas culturais das parroquias recollerán as cartas para Papá Noel, O Apalpador e os Reis

A cabalgata dos Magos de Oriente ten previsto percorrer o día 5 de xaneiro todo o municipio dumbriés

O mércores, día 28, vaise celebrar unha gran festa infantil no Conco, con xogos, música, obradoiros e a representación da obra titulada *Voa, voa!*, a cargo dos compoñentes da compañía Talía Teatro. As actividades comezarán ás 11.00 horas e alongaranse ata ás cinco do serán, polo que o Concello ofrece servizo de xantar e transporte polas parroquias.

Os obradoiros de manualidades e cociña chegarán a Berdeogas e Bustelo o próximo xoves, día 29 (de 16.00 a 20.00 horas), mentras que o venres, día 30, será a quenda das clases de manualidades en Olveira á mesma hora. Ese día, a partir das 18.30 horas no Ézaro, o contacontos Fran Rei presentará o espectáculo *Barriga Verde*.

Coa chegada do novo ano, os obradoiros desprázanse a Berdeogas, onde se impartirán clases de cociña o día 2 de xaneiro, de 16.00

a 20.00 horas. Ao día seguinte, poráanse aos fogóns os nenos e nenas de O Ézaro no mesmo horario, e en Buxantes desfrutarán da sesión de contos *Flipa cos cos contos de Nadal*, a cargo de Bandullo Azul. A cita é ás 18.30 horas.

E o mércores, día 4 de xaneiro, en Olveira poderán gozar da música de Paco Nogueiras, que presentará o seu espectáculo *Radio Bule Bule*, a partir das 18.30 horas.

Un dos días máis agardados polos pequenos da casa é a véspera

do día de Reis. O 5 de xaneiro no municipio dumbriés haberá recepcións ás Súas Maxestades de Oriente nas casas culturais de cada unha das sete parroquias do municipio.

A comitiva comenará o seu percorrido en Berdeogas (15.30 horas) e continuará por Olveira (16.30 h), Buxantes (17.30 h), O Ézaro (18.30 h) e Bustelo (19.30 h), antes de rematar a cabalgata nas instalacións de O Conco a partir das oito e media da tarde.



DUMBRÍA. Un adorno feito no obradoiro de Nadal para adultos. Foto: C.D.

HA NACIDO EL

VUELCA FÁCIL®

AHORA TU ATÚN SALE SOLO

UNA IDEA DE **Calvo®** ¡PUES CLARO!

Carreira do Leite e Brinde Leiteiro en Mazaricos para despedir o ano

Circo, deporte, concerto de aninovo e unha nova tractorada de Reis son outras das grandes citas

JOSÉ RAMOS
Mazaricos

Mazaricos volve celebrar o Nadal cun completo programa de actividades para o conxunto da veciñanza. Os eventos deron comezo co festival de Nadal da Escola de Música Moderna de Mazaricos, que tivo lugar o día 8, e a representación teatral *Top Manta* o pasado día 11. A programación prosegue o vindeiro venres, 23 de decembro, co espectáculo circense *Crunch!*, un show espectacular que inclúe equilibristas, malabaristas, saltos mortais, golpes, caídas e moitas gargalladas, a cargo de Óscar Paez e Dani Blanco, da compañía Muu. Será no recinto feiral da Picota dende as 17.00 horas.

O xoves 29 de decembro, as nenas e nenos de Mazaricos poderán desfrutar dunha es-



MAZARICOS. Este venres, día 23, chegará ao recinto feiral da Picota o espectáculo circense 'Crunch!'. Foto: C. M.

tupenda tarde de inchables no recinto feiral, a partir das catro do serán. Non faltarán sorpresas, como a visita do Apalpador.

O sábado 31 de decembro Mazaricos celebra a V Carrei-

ra do Leite e o VI Brinde Leiteiro. A inscrición en calquera das catro categorías da carreira pode facerse online ata o día 27. A recollida de dorsais poderá facerse o propio día 31 dende as 10.00 horas da ma-

ñá na Casa de Cultura. A saída da categoría Xatiños (nenas e nenos nados de 2015 a 2018) será ás 11.00, seguida ás 11.15 h por Becerras (nenas e nenos nados entre 2012 e 2014). A terceira categoría,

Xovencas (2007 a 2011) sairá ás 11.30 h. Ás 11.45 h será a saída da categoría Vacas (nados antes do ano 2007).

Ao remate da carreira, aproximadamente dende as 12.00 horas, procederase a

unha nova edición do Brinde Leiteiro, o evento con que Mazaricos se reivindica, cada final de ano, como o corazón lácteo de Galicia.

Ao día seguinte, domingo 1 de xaneiro, un novo ano arrinca en Mazaricos co tradicional Concerto de Aninovo, a cargo da Coral Polifónica de Urdilde. Será na Casa de Cultura ás 18.00 h, e a continuación as persoas asistentes compartirán unha estupenda chocolatada con churros. Ás 19.30 h celebrarase o Baile das Persoas Maioras, con música a cargo do Dúo Élite.

O xoves 5 de xaneiro celebrarase unha nova edición da Tractorada de Reis, que partirá ás 17.00 h. do recinto feiral. As súas maxestades volverán visitar Mazaricos para traer agasallos e ilusión a nenas e nenos nun vistoso percorrido pola localidade.

Un ano máis, o Concello habilita un servizo de Nadal Lúdico orientado á conciliación das familias. Dirixido a nenas e nenos escolarizados en Mazaricos, celebrarase, con grupos de polo menos 8 rapaces, no CEIP Víctor Sáenz, no Local Social de Eirón e mais no antigo CEIP de Pino de Val. Desenvolverase os días 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro, e do 2 ao 5 de xaneiro, ambos incluídos. O horario será de 9.00 a 14.30 h.

CARNICERÍA CHARCUTERÍA
Valentín
ESPECIALIDAD EN CARNES DE TERNERA, CERDO, POLLOS,
CORDERO Y CHORIZOS CASEROS
As Travesas • Pereiriña CEE Teléf.: 981 746 106 Móvil: 687 515 165



María Lariño Ares

GA GESTORIA ADMINISTRATIVA

Praza dos Xuncos nº 1 - 1º Izd
CEE (A Coruña) • Tif / Fax: 981 745 898
marialarino_red@yahoo.es
Ara Solis, 13 - FISTERRA (A Coruña) - Móbil: 628 878 872

Concello de Camariñas

O CONCELLO DE CAMARIÑAS DESÉXAVOS UN

Bo Nadal

VEN A RECIBIR CON NÓS A PAPA NOEL E AOS REIS MAGOS!

O 24 DE DECEMBRO A CABALGATA DE PAPA NOEL
O 5 DE XANEIRO A CABALGATA DOS REIS MAGOS

cultura@camarinas.net | camarinas.net | concellocamarinas



AUTOCARES
Ferrín-Costa, s.l.

Lg. de Caxadas, nº 21 - VIMIANZO (A Coruña)
T. 609 892 952 - 616 664 942

HERFRAGA
MAQUINARIA PARA LA INDUSTRIA
CONSERVERA / MECANIZADOS

Desde 1930

Nueva dirección desde el lunes 8
Rúa Cobre, C17 • Polígono Bértoa
Carballo-A Coruña
Teléfs: 981 700 401
981 701 511
info@herfraga.com
www.herfraga.com



Especialidad en empanada gallega

Forniños
DESDE 1933
PAN ARTESANAL DE TODO CORAZÓN

Avda. Anllóns
15110 - Ponteceso • A Coruña
T. 981 714 038



Maxia, obradoiros, animación infantil e música para despedir o ano en Cee

Papá Noel visita os pequenos na Noiteboa // Os Reis percorreren o día 5 de xaneiro as parroquias

J. LAVANDEIRA
Cee

Desde comezos de mes, Cee está a vivir un Nadal intenso con actividades lúdico-culturais pensadas para todos os públicos. Logo do festival da Escola de Música do pasado martes, o venres, día 23, visitará a vila da Xunqueira o Mago Antón para presentar o espectáculo *Mil maxias máis*.

Unha función creada para o público familiar e que busca poñer en valor a nosa lingua utilizando xogos orixinais. Haberá pases ás 12.00, 13.00, 17.00, 18.00 e 19.00 horas, e a cita é na Praza 8 de Marzo da capital ceense.

O sábado, día de Noiteboa, os nenos e nenas teñen unha cita con Papá Noel. A súa primeira parada será ás 11.00 horas no campo da festa de

Gures e despois continuará o seu percorrido por Ameixenda (campo da festa, 11.15 horas), Brens (escolas, 11.30), Camiños Chans (pista polideportiva, 11.40), Toba de Abaixo (Bar Toba, 11.55), Estorde (Praza de Dona Julia, 12.05 e zona de aparcamento do cámping, 12.25), Vilanova (12.30), Codesos (12.35), Pereiriña (escola, 12.40), Pereira (capela de San José, 12.50), Porcar (12.55), Lires (praça, 13.05), Canosa (13.15), Tedín (13.20), Ruibo (13.25), Cabaleiriza (13.30), Sembra (13.35), Vilar de Toba (zona de aparcamento supermercados estrada A Coruña, 13.40), Xallas (13.50), Lagarteira (13.55), e Escabanas (14.00 horas).

Pola tarde, na Praza 8 de Marzo (no pavillón en caso de choiva) haberá recepción a Papá Noel nunha tarde festi-



CEE. O Musical de los 80 y 90 deleitou aos ceenses no auditorio local. Foto: Concello de Cee

va con inchables, música, globflexia e neve, de 16.30 a 19.30 horas.

E do 26 ao 30 de decembro impartiranse obradoiros de Nadal de pintacaras, tatuaxes, xogos e outras sorpresas. Están destinados a nenos e nenas de 4 a 12 anos. E para rematar o ano, o venres, día 30, celebrarase o Concerto de Fin de Ano coa Banda de Música de Cee ás 20.30 horas no Auditorio de Baldomero Cores. O Concello tamén organizou unha gran festa na Noite de Fin de Ano na Rúa Lino Rodríguez Madero. A partir das 23.30 comezará a velada coa transmisión das tradicionais badaladas, a cargo de Melany. Chegando 2023 seguirá a festa coa música de Disco Móvil Mega CDC.

Xa en xaneiro, os días 3 e 4 no pavillón celebraranse sendas festas infantís con grandes inchables, nas que participará o paxe real, e os pequenos poderán deixar a súa carta para as Súas Maxestades os Reis Magos de Oriente.

O xoves, día 5 de xaneiro, Cee recibirá a visita dos Reis Magos, que percorreren todas as parroquias. Pola tarde, a partir das 17.00 horas terá lugar a recepción real no Museo Fernando Blanco. Ao remate, os fogos de artificio anunciarán o comezo da tradicional cabalgata pola vila.

xeal

Xallas
electricidad
y aleaciones

COMPROMISO

CON **A COSTA DA MORTE**

Malpica NADAL
2022/2023

BO NADAL

PROGRAMA

- **22 Decembro.** Contacontos no mercado municipal
- **23 Decembro.** Obradoiro adornos nadal e partidos solidarios e Recollida de xoguetes
- **24 Decembro.** Papa Noel recibe as crianzas as 17:30h. Fonte de Anselmo Vila amigo
- **26 Decembro.** Festa infantil con hinchables en Buño no pavillon desda 17:00h.
- **26 e 28 Decembro e 3 Xneiro.** Origami Nadal: A arte da papiroflexia inscricions ata 23/12/ 22
- **27 Decembro.** Taller Robótica e tecnoloxía
- **27 e 29 Decembro.** Clinic de Volei inscricions no rexistro xeral do concello 981707104
- **28 Decembro.** Obradoiro de Barro inscricions no rexistro xeral do concello 981707104
- **29 Decembro.** Contacontos en Buño nas escolas vellas 17:00h
- **30 Decembro.** Torneo tenis de mesa pavillon municipal de 16.30h a 18:30h a partir de 10 anos
- **31 Decembro.** San Silvestre Malpicana prezo 2€, requisito indispensable ir disfrazado
-Inscricions ata o 26 decembro no whatsapps 620927729 e 620661699
-Baile fin de Ano no auditorio civico a partir das 23:45h. Uvas Cava e Caotillón coa actuación do TRIO ROSEL
- **2 Xaneiro.** Obradoiro de Redeiras en Buño - Inscricions no rexistro xeral do concello ata o 30 de decembro 981 707 104 ou no correo auditoriodemalpica@gmail.com Exposición Fotográfica "1º Certame Rimartes de foto sub en pecios" ata o 15 de xaneiro
- **3 Xaneiro.** Festa Infantil con hinchables en Malpica no pavillon Municipal de 17:00 a 20:00h.
- **4 Xaneiro.** Torneo Futbol 3x3 no pavillon Municipal de 10:30 a 13:30h
- Inscricions ata o 30 decembro
- **5 Xaneiro OS REIS MAGOS DE ORIENTE EN BUÑO** as 17:30h. E Malpica as 19:00h
- Leiloo a partir das 18:30h Saída da Feira Nova recorrendo todos os lugares da parroquia
- **6 Xaneiro. OS REIS MAGOS DE ORIENTE** recorrera das 10:00h atás as 13:45h as parroquias de Cambre.
- Cerqueda, Santiso, Mens, Barizo, Beo e - Seaia donde habera hinchables no campo da festa
- **7 Xaneiro.** Presentación da publicación Misterios e Encantos de Bergantiños O ouro soñado e outras quimeras de Juan Felix Neira Pérez na igrexa de Mens ás 19:00h.
- **14 Xaneiro.** Presentación dos Camiños de Santiago no Concello de Malpica.
- A Vía Céltica No auditorio do centro civico ás 19:30h.

**CONCELLO DE
MALPICA
DE BERGANTIÑOS**

Papá Noel visita a escola infantil Os Vimianciños e a residencia xeriátrica

Este venres acenderáse o Cepo de Nadal na lareira do castelo e inaugurarase unha exposición

MANUEL LAVANDEIRA
Vimianzo

Ata a capital de Soneira achegouse estes días Papá Noel. Despois de visitar onte os colexios de Baíñas e Vimianzo, hoxe achegárase á Escola Infantil Municipal Os Vimianciños e o xeriátrico.

O venres, día 23, acenderase o Cepo de Nadal na lareira do castelo de Vimianzo, a partir das 10.30 horas. Tamén se inaugurarán a exposición de postais de Nadal e entregaranse os premios aos escolares gañadores, a partir das 12.00 horas na sala de exposicións da casa da cultura.

Pola tarde, de 17.00 a 20.00 horas haberá actividades de animación de rúa, nas que participará Papá Noel, que será recibido o día de Noiteboa ás 12.30 horas na casa da cul-

tura. Pola mañá, haberá tamén festa de Nadal coa compañía Teatro Calavera.

E para despedir o 2022, o Concello organizará o día 31, unha festa final de fin de ano con DJ Roquiño, a partir das 11.00 horas na Praza do Concello. Haberá música, inchables e moita diversión. As baladas para os pequenos adiantaranse ás 12.00 horas.

O 5 de xaneiro chegarán os Reis Magos, que protagonizarán unha cabalgata que percorrerá todas as parroquias entre as 10.00 e as 19.00 horas. Rematarán a xornada na Praza do Concello, onde se celebrará a recepción real a partir das 20.00 horas.

As actividades de Nadal rematarán o 7 de xaneiro co concerto de piano de Marianna Prjevalsakaya, e o día 8 co Duetlón Cross de Reis.



VIMIANZO. Papá Noel visitou os colexios e a casa da cultura de Vimianzo. Foto: C. de V.

CAMARIÑAS
DE LAPONIA
Á CAPITAL
DO ENCAIXES

••• En Camariñas xa teñen todo preparado para recibir a Papá Noel o sábado, día 24. Chegará á vila encaixeira coa intención de reunirse con todos os nenos e nenas do municipio.

••• Con tal fin o Concello programou unha cabalgata única na comarca, que a levará a percorrer todas as rúas do municipio.

••• A recepción terá lugar na casa do concello e estará presidida pola alcaldesa de Camariñas, Sandra Insua. Será ás 11.00 horas e, de seguido, a comitiva iniciará na Praza da Insuela o seu itinerario, que está previsto que remate pasadas ás 20.00 horas.

••• E o día 30, ás 17.30 h, chega a Camariñas a película 'Arthur Christmas operación regalo'.

Liño de Galicia, s.l.

Mostra en vivo no Castelo de Vimianzo

Información:
T. 696 268 923
linodegalicia@yahoo.es

SEDE
EN BAIO

Distribucións
"O VILAN", S.L.

T. 981 736 007 - 677 858 047
Rúa do Carmen, 18
15123 CAMARIÑAS (A Coruña)
vilan@vilan.e.telefonica.net

ASESORÍA FISCAL LABORAL CONTABLE

XEMACEL

SANTIAGO DE COMPOSTELA: Polígono Industrial del Tambre • T. 981 552 500
CEE (A Coruña): Rellena de la Seca, s/n (Edificio Río) - 1º C • T. 981 706 030
CAMARIÑAS (A Coruña): Rúa da Constitución, 10-1º Dcha. • T. 981 705 406

NADAL EN ZAS

Do Luns 26 ao Venres 30

• CAMPAMENTO "ZAS NADAL" obradoiros, xogos, música...
• Público infantil centro sociocultural de Zas de 10h, 13h, y centro sociocultural de Baio de 16h. a 19h.

XANEIRO

mercores 4 e 5

• Os REIS MAGOS percorren o Concello

XOVES 5 XANEIRO

• Cabalgata de Reis polas rúas de BAIÓ ás 18h.
Recepción Real na Pza Jorge Mira Pérez,

actuación de OS TRASNOS DE NADAL

• Cabalgata de Reis polas rúas de ZAS ás 18:30h.

• Recepción Real na Pza do Concello, actuación do MAGO PACO



Concello de Zas

PISTA DE XEO NATURAL!

USO BRIGATORIO DE LUVAS

PROPORCIONARANSE CALZAS DE PLÁSTICO DESBOTABLES

RESERVA DE PRAZA ANTICIPADA (WWW.VIMIANZO.GAL)

PREZO: 5 EUROS (INCLÚE PATÍNS)

ALUGUEIRO DE CASCO +1€
ALUGUEIRO DE APOIO +1€
PAGO EXCLUSIVO CON TARXETA

HORARIO 11:00 A 23:00 H

24 DECEMBRO - 11:00 A 21:00 H
25 DECEMBRO - 16:00 A 23:00 H
31 DECEMBRO - 11:00 A 21:00 H
1 XANEIRO - 16:00 A 23:00 H

CONCELLO DE VIMIANZO **DAPE**

Campamento en Zas e xogos para descubrir o patrimonio de Corcubión

En Laxe preparan un festival de panxoliñas coa escola local de música, asociacións e veciñanza

JOSÉ LAVANDEIRA
Zas - Corcubión - Laxe

Achéganse as datas centrais do Nadal e con elas múltiples propostas para desfrutar en familia destas datas. En Zas, dende o luns, día 26 ata o venres, día 30, os nenos e nenas poderán gozar dun campamento de Nadal con obradoiros, xogos e música. Desenvolverase nos centros socioculturais de Zas (de 10.00 a 13.00 horas) e no de Baio (de 16.00 a 19.00 horas).

Os Reis Magos chegarán ao concello o mércores, 4 de xaneiro, para percorrer as distintas parroquias. Ademais, o xoves, día 5, haberá cabalgatas polas rúas de Baio, a partir das 18.00 horas, e recepción real na Praza Jorge Mira Pérez. O encontro estará ani-

mado musicalmente polos Trasnos de Nadal.

A comitiva real tamén percorrerá as rúas de Zas, dende as 18.30 horas. A recepción ás Súas Maxestades será na Praza do Concello, onde os asistentes poderán desfrutar coa actuación do Mago Paco.

Pola súa banda, en Corcubión, deporte e patrimonio centran boa parte do programa lúdico. Así, o venres, día 23, disputarase a Supercopa de Bares Futsal (20.00 horas no pavillón) e do 26 ao 30 de decembro as portas do polideportivo estarán abertas para practicar deporte, previa reserva, de 17.00 a 21.30 h.

A través de xogos de interior e exterior, o Concello convida a nenos e nenas de 4 a 7 e de 8 a 12 anos a descubrir o patrimonio local, a través de

diferentes sesións que terán lugar os días 27, 28, 29 e 30 de decembro na casa da cultura de 10.30 a 13.30 horas.

Ademais, o día 29 no salón de plenos, presentarse o libro *Lo contarán las olas*, de Nuria Matías. A cita é ás 19.00 horas. Coa chegada do ano novo, entre o 2 e o 5 de xaneiro, haberá un ciclo de cinema infantil con proxeccións ás 11.00 h na casa da cultura.

E para comezar o 2023 en forma, o día 3 de xaneiro impartirase unha masterclass de queimagraxas aberta ao público adulto, de 20.30 a 21.30 no pavillón. Ao día seguinte, no mesmo horario, haberá outra de pilates.

A chegada dos Magos de Oriente está programada para o día 5 de xaneiro, cando se celebrará a Cabalgata de Reis



ZAS. O mago Dani Polo presentou en Baio e Zas o espectáculo 'Galemaxia'. Foto: C. de Zas

'A maxia existe', amenizada cun espectáculo, de 17.00 a 20.00 horas polas rúas de Corcubión. As actividades de Nadal rematarán o día 7 cunha festa infantil con inchables no pavillón ás 17.00 horas.

No municipio mariñeiro de

Laxe recibirán este xoves a visita de Papá Noel e dos Reis Magos, que pasarán polo colexio e as escolas unitarias.

E mañá venres, día 23, celebrarse un festival de panxoliñas na igrexa de Santa María da Atalaia (20.00 horas) no

que participarán a escola municipal, asociacións e veciños. Dende o 26 de decembro ao 4 de xaneiro os pequenos de 6 a 12 anos gozarán do campamento Nadalaxe, e o día 5, a cabalgata de Reis percorrerá todas as parroquias.

Pintura y decoración

LIRES

- Aislamiento térmico de fachadas
- Pintura interior y exterior
- Molduras escayola
- Papel pintado
- Marmorán • Pladur

Lg. Rates nº 1 (San Cosme) OUTES (A Coruña) • T. 981 765 794 • M. 659 387 540 F. 981 765 794
decoracionelires@gmail.com • www.decoracionelires.wordpress.com

ISLAMIENTOS MUXIA

- AISLAMIENTO TÉRMICO Y ACÚSTICO
- IMPERMEABILIZACIÓN • POLIURETANO
- POLIUREA • CORCHO PROYECTADO

Sorna, 33 • Muxía • T. 667 641 289
j.m.@aislamientosmuxia.com
www.aislamientosmuxia.com

Almacenes VIDAL

C/ Cruz da Pedra - A. Atalaya, 18
POBRA DO CARAMIÑAL
T. 981 832 824 - M. 696 363 193
www.costaweb.es/vidal
almacenes.vidal@hotmail.com

Biona
DISTRIBUIDOR

VENTA DE PALLETS

CENTRO COMERCIAL FINIS TERRAE

Felices Fiestas

Pirotecnia RICARDO RESÚA, S.L.

Espectáculos en Fuegos Artificiales

Fábrica/Almacén/Oficinas - Lg. Monte Pedroso - Vilarino
CESPÓN - BOIRO - A CORUÑA

Tel./Fax, 981 84 83 05 • info@pirotecniaresua.com
Comerciales: 629 75 54 05 / 629 75 54 06
630 049 848 / 630 049 884

Les desexamos Felices Fiestas

SABIN SEGUROS

Rúa da Capela, 3 - 1º Izq.
T. 981 842 522 • F. 981 850 663
15230 SERRA DE OUTES
(A Coruña)

Riveira de Solleiros, 81 - B
T. 981 764 254 • F. 981 850 663
15240 ESTEIRO - MUROS
(A Coruña)

FRIGORÍFICOS PUEBLA, S.L.

CALIDAD Y PRECIO GARANTIZADO

FRIPUSA

La Bayuca, 1
Telf.: 981 83 01 58
981 83 01 87
Fax.: 981 83 10 27
Apartado, 30
PUEBLA DEL CARAMIÑAL
(La Coruña)